XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
(Código centro: 15024215)

E.E.I.. "Fontelo - Ois"
Sta. María de Ois s/n.
15316 Ois (Coirós) - A Coruña.
☎ 639709895
eei.fontelo@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/eeifontelo/

INDICE:

1. Introducción
2. Obxecto ou temática de investigación
3. Descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta
4. Documentación elaborada
5. Tarefas másimportantes realizadas polo alumnado
6. Recursos e fontes utilizadas
7. Implicación da comunidade educativa
8. Difusión entre a comunidade educativa
9. Avaliación. Procedementos empregados
10. Función e participación da biblioteca escolar

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
(Código centro: 15024215)

E.E.I.. "Fontelo - Ois"
Sta. María de Ois s/n.
15316 Ois (Coirós) - A Coruña.
☎ 639709895
✉ eei.fontelo@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/eeifontelo/

1. INTRODUCIÓN

1.1. Xustificación

"Descubrindo as cores do mundo. Unha viaxe en globo" é o título do Proxecto Documental Integrado que propuxo este ano a biblioteca do noso centro adscrito.

Un PDI (Proxecto Documental Integrado), e un traballo de investigación no que participa o alumnado sobre un tema concreto, e se realiza a través de mecanismos de busca de información utilizando recursos da biblioteca.

A participación neste PDI xurde dende hai dous cursos que traballamos conxuntamente nalgúns aspectos co centro adscrito e apoiadas as unitarias polo Departamento de Orientación e pola Biblioteca.

Hai dous cursos nun grupo de traballo que fixemos nas unitarias "Eslabóns perdidos" a nosa proposta era facer unha adaptación máis leve dos nenos das unitarias ao centro adscrito que é moito máis grande. Fixemos varias reunións e se planteouse un Plan de Acollida facendo actividades conxuntas en datas determinadas para que a visión dos nosos alumnos cara o centro non fose tan traumática.

Hai dous anos traballamos co mesmo libro de partida chamado "A cidade de cores" aínda que fixemos actividades comúns non foi na súa totalidade. No curso pasado o tema foi "Para que algo suceda primeiro hai que soñalo" , a partir do conto "Virutas y el arcoiris" e continuamos facendo actividades conxuntas con noso centro e fixemos un vídeo final das actividades realizadas que compartimos co centro. Neste curso partimos da idea de traballar todos xuntos para acadar os soños da mascota da biblioteca do centro (Leo) que foi o que nos contou a súa historia base para facer o PDI.

1.2. Temporalización

A idea do proxecto nace a finais do curso pasado tras unha reunión na Biblioteca do Centro Adscrito onde naceu a idea de involucrar a todo o centro e as unitarias de Coirós (Coirós de Arriba e Fontelo-Ois) no PDI e facer un tema único sobre o que xirarían todas as actividades a realizar durante o curso 2016-2017.

En Xuño, cando fixemos a convivencia de acollida e presentación do centro que facemos as unitarias nos contaron un conto (nenos e profesores), na visita á biblioteca, que era o punto de partida de todo o PDI, posteriormente unha reunión do profesorado aceptamos a participación das nosas unitarias ao Proxecto.

O proxecto divídese en tres partes, unha por trimestre. No primeiro trimestre a partir do conto "Unha montaña de amigos" contado pola orientadora que foi ata a nosa unitaria de Ois, e troúxonos unha carta de Leo (mascota da biblioteca), comezo da investigación sobre a gastronomía da zona que nos escollimos que no noso caso non foi un pais, como no centro, senón a partir do conto "As Bolechas exploran Coirós", descubrimos a gastronomía típica da zona onde traballamos que foi Coirós.

No segundo trimestre, para celebrar a Paz, fixemos saídas para lanzamento de globo nunha zona do noso Concello e fomos ao Entroido realizado en Betanzos todos xuntos, investigando sobre a vestimenta e costumes de esa época.

No terceiro trimestre, fixemos un documental recopilando todas as saídas ao entorno que realizamos e todo o que descubrimos e aprendemos.

1.3. Alumnado e profesorado participante

Este proceso puido levarse a cabo grazas a implicación de toda a comunidade educativa do Colexio Vales Villamarín e das Escolas Unitarias de Coirós.

O noso alumnado estivo moi motivado e implicado nas distintas actividades propostas durante todo o curso. Nas nosas escolas unitarias as familias tamén tiveron un papel importante.

1.4. Organización para a súa realización

Este proxecto puidose levar a cabo conxuntamente grazas á axuda do Centro adscrito invitándonos a participar nas actividades propostas e grazas á Biblioteca e ao Departamento de Orientación que contaba con nós na súa realización

1.5. Competencias básicas

Competencia lingüística, a través do vídeo final no que traballamos a expresión oral e a comprensión oral. Traballamos a comprensión lectora con lectura de imaxes, e a expresión escrita facendo carteis e pequenos textos relativos ás saídas, e elaborando as receitas cos seus ingredientes e cantidades. Tamén fixeron un gran traballo de expresión oral na realización da obra de teatro.

E.E.I.. "Fontelo - Ois"
Sta. María de Ois s/n.
15316 Ois (Coirós) - A Coruña.
☎ 639709895
eei.fontelo@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/eeifontelo/

Competencia matemática, a través de datos xerais de numeración (alturas, números e seriacións), corpos xeométricos (forma do globo, cuarteróns), medidas (para facer as receitas poñer as cantidades)

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, foi a que máis traballamos durante este curso, facendo as saídas para o descubrimento do entorno físico que nos rodeaba (saída a Espenuca, a Chelo, a Santa María de Ois e a Pena Furada) e así exploramos Coirós e descubrimos as diferentes zonas que ten o noso Concello.

Competencia dixital, utilizáronse a través do uso das TICs e a través da búsqueda de información nos libros e aportacións das familias. Foi o formato dixital o que utilizamos como recopilación de todo o traballo realizado.

Competencia social e cívica, os nosos nenos déronse conta das diferenzas que hai entre as persoas e os valores que fóronse traballando, e traballando a igualdade con talleres na aula.

Competencia para aprender a aprender, partimos da base de que sabían os nenos sobre o globo de Betanzos que eles coñecían e que necesitábamos aprender para elaborarlo e poder viaxar polo Concello para exploralo.

Autonomía e iniciativa persoal, os nosos nenos realizaron por propia iniciativa traballos de globos aerostáticos e exposicións que realizamos e tamén na entrega dos premios Río Mandeo que facemos no acto de clausura do curso escolar, entregando premios as persoas que colaboran desinteresadamente durante o curso escolar.

Competencia cultural e artística, durante todo o curso fixemos manualidades traballando sobre o proxecto, como a pedra funeraria en arcila que vimos en Espenuca, os cuarteróns e o globo que axudounos a facer Pin para lanzalo, o libro de receitas decorándoo, escribir no anecdotario e facer debuxos nel. A través destas actividades fomentamos a imaxinación e a creatividade.

1.6. Obxectivos e criterios estándares de avaliación

- Promover a colaboración de toda a comunidade educativa
- Coñecer o noso entorno e as nosas costumes
- Descubrir novas receitas e anécdotas da nosa zona
- Respectar a igualdade entre as persoas
- Localizar e utilizar a información obtida
- Transmitir a información obtida
- Aprender a valorar e respectar o traballo dos demais

2. OBXECTO PROPOSTO

O PDI "Descubrindo as cores do mundo. Unha viaxe en globo" proponse dende a biblioteca para axudar a Leo e Mariña, mascotas da biblioteca, a facer un proxecto de investigación sobre diferentes países. No noso caso non eleximos un país senón o noso Concello de Coirós e construir un globo de papel para poder viaxar.

O produto final foi facer un documental (tipo documentais que saen na Tv) con todo o que visitamos no noso Concello. Participamos na Expo que organizou o Centro visitando algún pais que traballaron no centro (China, Selva del Amazonas, Betanzos) na xornada de convivencia realizada no mes de xuño.

3. DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

O PDI estructurouse en tes partes correspondentes aos tres trimestres:

Primeiro trimestre: Presentación dos materiais por parte do Departamento de Orientación , motivación, investigación, realización de receitas e presentación dun explorador que nos axudou a explorar coa mirada de explorador.

Segundo trimestre: Recopilación de datos sobre o día da Paz, día da Muller e sobre o Entroido. Busca de datos sobre os lugares a visitar

Terceiro trimestre: Investigación sobre as zonas a visitar no derradeiro trimestre. Preparar o documental que temos que presentar como resumo do noso traballo.

PRIMEIRO TRIMESTRE

Partimos do conto "Una montaña de amigos" e dunha maleta e unha carta de Leo que nos trouxo a orientadora a nosa unitaria con materiais para facer un globo de papel como o que fan en Betanzos.

No mes de setembro investigamos sobre para qué servían os materiais que nos trouxeron a nosa escola Leo e Lucía (a orientadora). No mes de outubro comezamos a elaboración dun globo nas nosas

E.E.I.. "Fontelo - Ois"
Sta. María de Ois s/n.
15316 Ois (Coirós) - A Coruña.
☎ 639709895
eei.fontelo@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/eeifontelo/

escolas para poder lanzalo. Así foi, lanzamos o globo e cando aterrizou atopouno un explorador especial chamado John John que nos contou que viaxaba moito e que nos mostrou cousas doutros países que el había visitado. No mes de novembro fixemos as receitas típicas da nosa zona para mostrárselas ao noso explorador (tortilla de patacas) con recunchos de cociña e fomos a un restaurante dunha familia da escola a facer as tortillas e tamén traballamos música da zona e baixamos ao cole aos "Concertos en familia". No mes de decembro para o día da discapacidade investigamos sobre algún tipo de discapacidade.

SEGUNDO TRIMESTRE

No mes de xaneiro investigamos sobre a zona de Espenuca e todo o seu entorno, alí vimos o cruceiro, a lenda sobre a cama de Santa Eulalia, A Botilla e a Capela. Recollemos follas para facer un herbario ca flora do entorno e lanzamos un globo onde escribimos mensaxes de paz.

No mes de febreiro, aprendemos como se vestían os exploradores e fixemos o noso disfraz para o entroido que compartimos co cole de Betanzos no pasatempo.

No mes de marzo, traballamos o día da muller e como no noso Concello non había unha muller destacada dedicámoslle o día a todas as mulleres facendo un vídeo sobre que era o queríamos ser como mulleres cando medrásemos, o título era "De maior quero ser..."

No mes de abril, saímos a entorno natural de Chelo, alí descubrimos a flora e fauna dese entorno tan especial.

TERCEIRO TRIMESTRE

No mes de maio, coñecemos a Fray Pedro Manzanas, personaxe da zona e que ten unha romaría que se fai despois de Pascua. As escolas fomos e fixemos a nosa propia romaría visitando o entorno e recollendo máis flora para o noso herbario.

No mes de xuño, investigamos sobre Pena Furada que é outro deses lugares que visitaron As Bolechas e onde descubrimos a moura e a distribución que había na época castrexa.

Durante todo o curso o noso explorador John John, nos mandaba mensaxes dende diferentes países, dende o Himalaya, dende a India, informándonos de donde estaba e nós investigábamos sobre eses países para poder localizalo e saber onde ubicalo.

Visitamos a Expo realizada polo Vales, fomos a China, a Selva Amazónica e Betanzos, en todo o visitado coñecemos a súa ubicación, o seu idioma, a súa moeda, a súa gastronomía, a súa música e tivemos que descubrir diferentes obxectos para realizar un pao de chuvia na Selva, unha tortilla en Betanzos e a escritura en China. Nesa visita que nós fixemos tamén realizamos o estreno da nosa obra titulada "John John un explorador moi especial" onde falamos dos países que visitou John John e todos eles estaban relacionados con países traballados no Vales.

4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

4.1. Profesorado

- Presentación coas fases, temporalización e tarefas programadas
- Carta de Leo e Mariña e cartas dos nenos do Vales
- Modelo do documental

4.2. Alumnado

- Recursos dixitais con visionado de documentais
- Xogos multimedia
- Murais para cada un dos entornos visitados
- Cuadernillos do entorno con fotos e debuxos
- Vídeo do día da Muller
- Libro de receitas
- Anecdotario dos lugares do Concello

5. TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO

Os nosos alumnos e alumnas foron os transmisores da información obtida ao longo do curso a través de diferentes medios, a través de debuxos que facían de cada unha das saídas, tamén nas grabacións

E.E.I.. "Fontelo - Ois"
Sta. María de Ois s/n.
15316 Ois (Coirós) - A Coruña.
☎ 639709895
eei.fontelo@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/eeifontelo/

que fixemos nas saídas e que foron mesturizadas para o documental final, na recollida de plantas e flores para elaborar o herbario, nas súas aportacións no recetario e no anecdotario.

Eles foron os grandes protagonistas con moito aprendizaxe e con moia ilusión por facer as cousas ben. Xunto co documental un resumo final do traballado foi a través da obra de teatro de "John John un explorador moi especial" xa que ahí eles contaron todo o que viron e viviron en primeira persoa e conxuntamente os países que coñeceron a través dos que visitaron os seus compañeiros do Vales.

- Fixeron proxectos de investigación do seu entorno buscando información por todos os medios.
- Elaboración dalgunha das receitas que estaban no recetario, na escola elaboramos bombóns con moldes de animais e plantas.
- Elaboración de carteis, murais e varios globos con distintas técnicas.
- Deseño do disfraz e elaboración dos complementos do disfraz.
- Gravación de audios e vídeos con información do noso Concello.
- Gravación de audios e vídeos para o día da Muller.
- Elaboración dos cuarteróns para o globo que nos voamos e o globo que fixeron os compañeiros do Vales.
- Preparación do documental
- Preparación dos murais para o decorado da obra de teatro dos distintos países que Jhon Jhon visitou (Italia, Escocia, Perú e Exipto)
- Aprendizaxe dos diálogos para a obra final.
- Representación das coreografías para cada pais que se visitaba.

6. RECURSOS E FONTES USADAS

Durante todo o curso tivemos na aula un recuncho adicado ao Proxecto onde tiñamos libros do entorno, libros de medios de transporte onde aparecía o globo, revistas de axencias de viaxes, libros con cd musicados que falaban de viaxes, plantas e animais,

Tamén fixemos unha exposición final con todo o elaborado e utilizado durante o curso onde colocamos: os globos que fixemos cos materiais usados no globo orixinal (harina de centeno e colorantes), o herbario, o recetario, o anecdotario, os libros usados, o cd do documental, a maqueta de espenuca que nos axudaron a facer, as pedras funerarias de arcila que fixeron os nenos todo iso nun lugar público e mostrado ás familias.

Todo o realizado aparece na páxina web da escola de Coirós de Arriba: http://www.edu.xunta.gal/centros/eeicoirosdearriba/

7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Toda a comunidade educativa, profesorado, alumnado, familias, Concello e Centro Adscrito participaron no desenvolvemento do PDI.

Traballamos todos xuntos, no caso das nosas escolas unitarias, as dúas conxuntamente á par facendo as saídas xuntas e traballando co mesmo material, compartiéndolo por quincenas para que todos obtiveran os mesmos coñecementos.

Estou moi feliz de participar nestes proxectos conxuntos que axudan a que o noso traballo sexa máis gratificante.

Moitas grazas a todos os integrantes e participantes.

8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADES EDUCATIVA

Todos os traballos que fomos realizando ao longo do curso estaban expostos na nosa aula e os pais os podían ver cando viñan a deixar ou recoller aos seus fillos.

Como son dos centros distintos o día da clausura do curso académico fixemos unha exposición conxunta pra as familias e o resto da comunidade educativa onde estaba expostos os traballos e os debuxos.

O documental que fixemos en vídeo o expusemos ás familias nese acto de fin de curso.

E na páxina web da Escola de Coirós de Arriba http://www.edu.xunta.gal/centros/eeicoirosdearriba/

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
(Código centro: 15024215)

E.E.I.. "Fontelo - Ois"
Sta. María de Ois s/n.
15316 Ois (Coirós) - A Coruña.
☎ 639709895
eei.fontelo@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/eeifontelo/

9. AVALIACIÓN. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS

As diferentes actividades realizadas fóronse avaliando a través da observación e recollida de datos a favor o en contra polos propios nenos e nenas se lles gustaba ou non.

Para avaliar as miñas actividades, fixeime si acadamos os obxectivos e a organización de toda a información que fomos elaborando e recollendo.

No meu caso que somos unha escola unitaria a avaliación foi positiva xa que o alumnado estaba moi motivado e os obxectivos foron acadados na súa totalidade e ampliamente.

10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

O equipo de biblioteca foi o encargado de deseñar e presentar a comunidade educativa, incluídas as unitarias, o PDI así como, explicar en que consistía.

No noso caso a biblioteca foi quen nos explicou o tema a tratar e nos dixemos a forma en que nós íbamos a participar. Axudounos nas distintas xornadas que pasamos xuntos e invitáronos aos Concertos en familia, ao Entroido, á Expo final, e a xornada de acollida dos furturos alumnos de primaria.

O Curso que ven repetiremos sin duda!!!!

En Ois a 5 de xullo de 2017

Asdo.- Mª Olga Abella Pérez